



ACTA PRIMEIRA DO TRIBUNAL

Data:	Día 24/05/2024, ás 11:00 horas
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021) Proceso selectivo de persoal laboral fixo-discontinuo , por concurso-oposición , para a praza de Técnico/a Minas de San Finx (5112)
Expediente:	2022/E001/000048

No día e hora indicados, reúnen-se de xeito telemático, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 268 do 02/05/2024), quedando formalmente constituído:

1. Presidenta: Paula Ares Otero
2. Vogal 1ª: María Dolores Suárez Becerra
3. Vogal 2ª: Santiago Severino Nieto Romarís
4. Vogal 3ª: Alberto García Sánchez
5. Secretario: José Martínez Redondo

A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 268 do 02/05/2024):

Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Roo Vázquez, Beatriz	Si	***3624**	Si	Si	Si	Si	Si

Co obxecto de levar o desenvolvemento do proceso selectivo arriba indicado, o Tribunal procede á lectura da lista definitiva de admitidos, aos efectos de manifestar a concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nalgún membro do Tribunal (de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público). Os cinco membros do Tribunal manifestan que non concorre neles ningunha causa de abstención ou recusación.

Segundo a Resolución da Alcaldía núm. 268 do 02/05/2024, o día de celebración do exame da fase de oposición será o vindeiro 31/05/2024. Dado que só existe un aspirante presentado, considérase axeitado tras a celebración do exame, efectuar a corrección do mesmo; e no caso de ser superado, proceder á valoración da fase de concurso.

De acordo co perfil profesional, de cada un dos membros do Tribunal, o reparto do temario aos efectos de formular as preguntas das que está composta o exame da fase de oposición (primeira parte, tipo test e segunda parte, parte escrita), é o seguinte:

- A Presidenta do Tribunal elaborará as preguntas do exame (test e/ou escrito) relativas aos temas 1 a 10 (Administrativo Xeral)
- A Vogal 1ª elaborará as preguntas do exame (test e/ou escrito) relativas aos temas 30 a 40
- O Vogal 2ª elaborará as preguntas do exame (test e/ou escrito) relativas aos temas 21 a 29
- O Vogal 3ª elaborará as preguntas do exame (test e/ou escrito) relativas aos temas 11 a 20

O Secretario do Tribunal, encargárase da valoración dos méritos da fase de concurso; que posteriormente será comprobada por todos os membros do Tribunal.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:30 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.